

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FOMENTO

11169 Orde FOM/1996/2014, do 24 de outubro, pola que se modifica a Orde FOM/734/2007, do 20 de marzo, pola que se desenvolve o Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres en materia de autorizacións de transporte de mercadorías por estrada.

O Tribunal de Xustiza da Unión Europea, na súa Sentenza do 3 de abril de 2014, manifestou que a existencia dunha antigüidade máxima aos vehículos de transporte privado complementario de mercadorías constitúe unha medida restritiva das importacións de vehículos. Faise, polo tanto, necesario eliminar o requisito da antigüidade máxima dos vehículos adscritos a autorizacións de transporte privado complementario establecido na Orde FOM/734/2007, do 20 de marzo de 2007, pola que se desenvolve o Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres en materia de autorizacións de transporte de mercadorías por estrada.

Na súa virtude, oídos o Comité Nacional do Transporte por Estrada e o Consello Nacional de Transportes Terrestres, así como os órganos competentes en materia de transportes das comunidades autónomas e das cidades de Ceuta e Melilla, de acordo co Consello de Estado e en virtude da autorización contida na disposición adicional décimo segunda do Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres, dispoño:

Artigo único. *Modificación da Orde FOM/734/2007, do 20 de marzo de 2007, pola que se desenvolve o Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres en materia de autorizacións de transporte de mercadorías por estrada.*

A Orde FOM/734/2007, do 20 de marzo de 2007, pola que se desenvolve o Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres en materia de autorizacións de transporte de mercadorías por estrada, queda modificada nos seguintes termos:

1. Modifícase o contido do artigo 31.1, que queda redactado da seguinte maneira:
«1. Quen pretenda obter unha autorización de transporte privado complementario deberá acreditar, xunto co cumprimento dos requisitos sinalados no artigo 30, que dispón, polo menos, dun vehículo nalgunha das modalidades previstas no artigo 5.2.»
2. Suprímense o segundo parágrafo do artigo 32.1 e os artigos 35 e 36.

Disposición derradeira. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 24 de outubro de 2014.—A ministra de Fomento, Ana María Pastor Julián.